



DEPUTACIÓN PROVINCIAL  
A CORUÑA

SERVIZO ACCIÓN SOCIAL, EDUCACIÓN, DEPORTES E MOCIDADE  
SECCIÓN DE DEPORTES E MOCIDADE

Expediente: 025000044508

## RESOLUCIÓN POLA QUE SE APROBA A RELACIÓN DAS CARREIRAS QUE FORMAN PARTE DO XII CIRCUÍTO DE CARREIRAS DEPUTACIÓN DA CORUÑA

Don **VALENTIN GONZALEZ FORMOSO**, Presidente da Deputación Provincial da Coruña,

Logo da baremación das solicitudes presentadas realizada pola Federación Galega de Atletismo, aplicando os criterios establecidos nas bases que rexen este circuítu, aprobadas por resolución da Presidencia número 2026 / 6698 do 13 de febreiro de 2026.

Logo de ter en conta o disposto na base 3 das que rexen este Circuíto, aprobadas pola citada resolución da Presidencia, e que se relaciona de seguido:

“...A selección das carreiras que integrarán o “XII Circuíto de Carreiras Deputación da Coruña” realizarase, logo da puntuación obtida en función da aplicación dos baremos establecidos para a selección das carreiras populares, do seguinte xeito:

a) Carreiras por orde de puntuación obtida.

b) Terán prioridade 5 carreiras daquelas que non formaran parte das dúas anteriores edicións deste circuítu por orde da puntuación obtida de entre as solicitudes presentadas con esta condición.

No caso de que todas as carreiras houbesen participado en edicións anteriores, seguirase a orde de maior puntuación para a selección das carreiras.

En caso de empate de puntos aplicaranse os criterios da selección seguindo a súa orde ata obter o desempate.

As coincidencias de carreiras na mesma data de desenvolvemento serán negociables, permitindo como máximo 2 carreiras coincidentes en data na mesma demarcación ou delegación da Federación Galega de Atletismo: A Coruña, Ferrol e Santiago sempre e cando non poida negociarse outra data de desenvolvemento.”

### RESOLVO:

**Primeiro.-** Aprobamos a relación de carreiras que integran o “XII Circuíto de Carreiras Deputación da Coruña”.

| Nome                                  | Concello | Data        | PUNTOS |
|---------------------------------------|----------|-------------|--------|
| 45º Carreira Popular Pascua de Padrón | PADRÓN   | 4 de abril  | 72,2   |
| Carreira Popular Concello de Vimianzo | VIMIANZO | 12 de abril | 72,8   |

|                                                            |                       |                |       |
|------------------------------------------------------------|-----------------------|----------------|-------|
| XI Carreira Pedestre Concello de Zas                       | ZAS                   | 26 de abril    | 63,2  |
| XI Carreira Pedestre Popular Concello de Frades            | FRADES                | 1 de maio      | 83,0  |
| Carreira Popular da Baña                                   | BAÑA                  | 3 de maio      | 38,9  |
| X Carreira Pedestre Concello de Dumbría                    | DUMBRIA               | 23 de maio     | 68,9  |
| XXIX Carreira Popular Concello de Ordes                    | ORDES                 | 24 de maio     | 54,0  |
| XI Carreira Popular Concello de Moeche                     | MOECHE                | 30 de maio     | 43,5  |
| 10K Carballo. XIV Carreira Popular Concello de Carballo.   | CARBALLO              | 7 de xuño      | 130,4 |
| 6ª Popular Faro Roncudo                                    | PONTECESO             | 13 de xuño     | 60,5  |
| Volta As Forcadas                                          | VALDOVIÑO             | 14vde xuño     | 50,9  |
| Carreira Popular do Apostolo                               | LARACHA               | 18 de xullo    | 63,4  |
| 11ª Carreira Pedestre Nocturna Concello de Cee             | CEE                   | 18 de xullo    | 58,1  |
| Piñeiral de Cabanas                                        | CABANAS               | 2 de agosto    | 61,5  |
| Milla Urbana Concello de Ares                              | ARES                  | 8 de agosto    | 52,2  |
| X Corretroita Popular Concello de Sobrado                  | SOBRADO               | 8 de agosto    | 51,4  |
| XXXIII Carreira Popular Concello de Cambre                 | CAMBRE                | 15 de agosto   | 25,0  |
| Carreira Pedestre Popular de Noia (Noia Medieval)          | NOIA                  | 29 de agosto   | 63,8  |
| Carreira Popular Concello da Pobra do Caramiñal            | POBRA DO CARAMIÑAL    | 30 de agosto   | 68,8  |
| Carreira Vila de Corcubión                                 | CORCUBIÓN             | 5 de setembro  | 56,7  |
| Carreira Nocturna "Corre por Ferrol"                       | FERROL                | 12/09/2026     | 81,4  |
| XI Carreira Popular Dolmen de Dombate                      | CABANA DE BERGANTIÑOS | 19 de setembro | 55,6  |
| XXI Carreira Pedestre Popular Concello de O Pino           | PINO                  | 20 de setembro | 57,9  |
| XXVII Carreira Popular Sta Uxía - III Memorial Miguel Ruiz | RIBEIRA               | 26 de setembro | 58,4  |
| Trillazo 2026                                              | TRAZO                 | 26 de setembro | 42,9  |
| Carreira das Areas                                         | CARNOTA               | 27 de setembro | 65,2  |
| XLIII Carreira Pedestre Popular da Amaía                   | BRION                 | 3 de outubro   | 55,9  |

|                                                            |              |                |       |
|------------------------------------------------------------|--------------|----------------|-------|
| XXI Carreira Pedestre de Lestrobe                          | DODRO        | 12 de outubro  | 42,2  |
| IV Trail Concello de Mañón                                 | MAÑÓN        | 17 de outubro  | 31,5  |
| XXV Carreira Pedestre Popular Concello de Ames             | AMES         | 18 de outubro  | 110,7 |
| XII Carreira Popular Concello de Rianxo                    | RIANXO       | 1 de novembro  | 75,0  |
| Carreira Internacional A Clásica de Negreira               | NEGREIRA     | 15 de novembro | 118,7 |
| XXI Carreira Popular Mar de Boiro.19º Memorial Pepe Buceta | BOIRO        | 6 de decembro  | 79,4  |
| Sinson 10k                                                 | PORTO DO SON | 20 de decembro | 170,2 |
| San Silvestre Concello de Neda                             | NEDA         | 31 de decembro | 61,0  |

**Segundo.-** Non incluír as seguintes carreiras no “XII Circuito de Carreiras Deputación da Coruña” polos seguintes motivos:

| Nome                                            | Concello    | Data           | MOTIVO                            |
|-------------------------------------------------|-------------|----------------|-----------------------------------|
| VI Carreira Clásica Gandeira                    | Santa Comba | 28 de marzo    | Data fora do prazo de competición |
| Subida a San Cidre                              | Toques      | 12 de abril    | Data coincidente innegociable     |
| XII Carreira Pedestre Popular Concello de Touro | Touro       | 27 de setembro | Data coincidente innegociable     |

**Terceiro.-** Condicionar a aprobación da relación das 35 carreiras á inscrición como carreira oficial no calendario da Federación Galega de Atletismo.

De non ter a carreira inscrita no calendario oficial da Federación Galega de Atletismo no momento de facer a solicitude de participación, os concellos seleccionados deberán inscribir a carreira no prazo dos 10 días naturais contados a partir da notificación da resolución da Presidencia que aproba a relación das 35 carreiras que integrarán o “XII Circuito de Carreiras Deputación da Coruña”

De conformidade co establecido no artigo 40.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP), infórmase de que a resolución anterior esgota a vía administrativa, de acordo co disposto no artigo 114.1.e) da LPACAP, polo que, en virtude do artigo 123 da referida norma, contra a presente resolución poderá interpoñer recurso potestativo de reposición ante o Presidente da Excelentísima Deputación Provincial da Coruña no prazo dun mes, contado a partires do día seguinte a aquel no que teña lugar a notificación, tal e como tamén preceptúa o artigo 52.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local. Neste caso non se poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o recurso potestativo de reposición ou se produza a desestimación presunta do mesmo.

Así mesmo, a persoa interesada poderá interpoñer directamente contra a presente resolución recurso contencioso-administrativo, previsto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da

Xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses, contado a partires do día seguinte a aquel no que teña lugar a notificación, perante a Sección do Contencioso-Administrativo do Tribunal de Instancia que corresponda, de conformidade co disposto na devandita Lei e na disposición adicional primeira da Lei orgánica 1/2025, do 2 de xaneiro, de medidas en materia de eficiencia do Servizo público de Xustiza.

Todo isto, sen prexuízo de que se poida exercer calquera outro recurso que se estime pertinente.